

## COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DE CARREIRA

Santiago de Compostela 15/12/23

Reunida hoxe a comisión de seguimento, a DX da Función Pública informa que:

- Teñen previsto, en cumprimento do **Acordo coas OOSS (UGT, CCOO e CSIF)**, a apertura do procedemento de **acceso aos graos I e II** de solicitudes de recoñecemento de **carreira profesional e complemento de desempeño**, co fin de tramitalo á maior brevidade posible.
- Será un procedemento **practicamente idéntico ao último, ampliando supostos**, que se foron aprobando en **Comisión de seguimento**, a maiores dos inicialmente previstos, como o daquel persoal que teña servizos prestados noutras administracións públicas, incluíndo SERGAS, que **cumpra os requisitos a 01/01/2022, 5 para grao I ou 11 anos para grao II si tivese xa recoñecido o grao I**, segundo o caso, computándose o tempo traballado nesas outras administracións.
- **A aplicación: máis de 6.000 persoas**
- **O prazo de solicitude será de 3 meses.**
- Segundo se vaian presentando iranse recoñecendo.
- **O pago para estes graos I e II será rateado en 3 anos:**
  - Con efectos de 01/01/2024, percibirán o 33%
  - 01/01/25: 66%
  - 01/01/26: 100%
  - **O pago no ano 2024, supón en torno aos 4 millóns de euros.**
- Teñen a pretensión de que no **ano 2024 se negocie a carreira ordinaria**, de tal forma que as persoas que teñen xa recoñecido os graos I e II irán ao grao que lles corresponda e **quedaría xa aberta a solicitude de forma permanente.**
- O luns enviarase convocatoria para ter reunión o mércores, irá a Comisión o venres e que sexa **aprobado no último Consello da Xunta do presente ano.**
- Si houberse algún suposto que puidera ser incluído ou que non estea o suficientemente claro están abertos á súa inclusión.
- Ao respecto do **persoal fixo-descontinuo**, formulada a queixa sobre o recoñecemento do dereito polas OOSS na Comisión, a administración fixo a **revisión manual sobre o cómputo do tempo traballado e o dereito á súa percepción**, de tal forma que a intención é o **recoñecemento de todas aquelas persoas que teñen dereito, presentaran ou no recurso**, a previsión inicial oscila entre 500 e 600 persoas ás que lles correspondería o dereito á percepción, tendo dereito ao **cobro con efectos retroactivos.**
- **A repesca da funcionarización vai incluída** nesta apertura de **solicitude de grao.**

